

Actas VII JIA
VITORIA-GASTEIZ, 7-10 de mayo de 2014

Arqueologías *sociales*
Arqueología *en* Sociedad

COORDINAN:
Iraia Sáez de la Fuente
Carlos Tejerizo García
Lorena Elorza González de Alaiza
Begoña Hernández Beloqui
Clara Hernando Álvarez

VII JORNADAS DE JÓVENES EN
INVESTIGACIÓN ARQUEOLÓGICA



REVISTA ARKEOGAZTE/ARKEOGAZTE ALDIZKARIA

Anexo 1, año 2015. urtea 1.Gehigarria.

Arqueologías sociales, Arqueología en sociedad. Actas de las VII Jornadas de Jóvenes en Investigación Arqueológica / Gizarte Arkeologia, Arkeologia gizartean.

Arkeologia Ikertzaile Gazteen VII. Jardunaldien Aktak

COMITÉ EDITORIAL DEL ANEXO 1 / 1. GEHIGARRIAREN ARGITARATZE-BATZORDEA

Lorena Elorza González de Alaiza (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Begoña Hernández Beloqui (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Clara Hernando Álvarez (*Universidad de Salamanca*)

Iraia Sáez de la Fuente (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Carlos Tejerizo García (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

CORRECTORES / ZUZENTZAILEAK

Lorena Elorza González de Alaiza (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Begoña Hernández Beloqui (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Hugo H. Hernández (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Sara de Francisco Rodríguez (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Clara Hernando Álvarez (*Universidad de Salamanca*)

Iraia Sáez de la Fuente (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Aitor Sánchez López de Lafuente (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Izaskun Sarasketa Gartzia (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

Carlos Tejerizo García (*Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*)

TRADUCCIÓN/ITZULPENEA

Ainhoa Aranburu

Miren Ayerdi

Marta Fernández Corral

Maite Iris García Collado

Begoña Hernández Beloqui

Iraia Sáez de la Fuente

Izaskun Sarasketa Gartzia

MAQUETACIÓN Y DISEÑO/MAKETAZIOA ETA DISEINUA

Jaime Almansa Sánchez

Begoña Hernández Beloqui

Clara Hernando Álvarez

REVISTA ARKEOGAZTE es una revista científica de ARQUEOLOGÍA, editada por ARKEOGAZTE: ASOCIACIÓN DE JÓVENES INVESTIGADORES EN ARQUEOLOGÍA PREHISTÓRICA E HISTÓRICA con periodicidad anual y en la que los originales recibidos son evaluados por revisores externos mediante el sistema conocido como el de doble ciego. Se compone de las siguientes secciones: MONOGRÁFICO, VARIA, ENTREVISTA, RECENSIONES y publica trabajos originales de investigación en torno a una temática definida, trabajos originales de temática arqueológica libre, notas críticas de trabajos arqueológicos actuales o entrevistas a personalidades científicas de la Arqueología. Los originales se publican en castellano, euskera e inglés. El Consejo de Redacción puede admitir originales remitidos en italiano, portugués, francés, gallego y catalán.

ARKEOGAZTE ALDIZKARIA, ARKEOLOGIA aldizkari zientifikoa da, ARKEOGAZTE: HISTORIAURREKO ETA GARAI HISTORIKOKO ARKEOLOGIA IKERTZAILE GAZTEEN ELKARTEAK argitaratua eta urtean behin kaleratzen dena. Jasotako originalak kanpoko zuzentzaileen bidez ebaluatzen dira bikun itsua deritzon sistemari jarraituz. Aldizkaria hurrengo atalek osatzen dute: MONOGRAFIKOA, VARIA, ELKARRIZKETA, AIPAMENAK, hau da, zehaztutako gai baten inguruko ikerketa lan originalak, edozein gai arkeologikoari buruzko lan originalak, egungo lan arkeologikoen nota kritikoak edo Arkeologiaren munduko pertsona zientifikoei egindako elkarrizketak argitaratuko dira. Originalak gazteleraz, euskaraz eta ingelesez argitaratuko dira. Erredakzio Batzordeak italieraz, portugaldarrez, frantsesez, galizieraz eta katalunieraz idatzitako originalak onar ditzake.

DIRECCIÓN/HELBIDEA

Taller y depósito de materiales de arqueología (UPV/EHU), c/Fco. Tomás y Valiente, s/n, 01006 Vitoria-Gasteiz. arkeogazterevisa@gmail.com.

PÁGINA WEB/WEB ORRIALDEA

www.arkeogazte.org/arkeogazterevisa



EDITATUA



[Creative Commons](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/)

REVISTA ARKEOGAZTE/ARKEOGAZTE ALDIZKARIA

Anexo 1, año 2015. urtea 1.Gehigarria.

Arqueologías sociales, Arqueología en sociedad. Actas de las VII Jornadas de Jóvenes en Investigación Arqueológica / Gizarte Arkeologia, Arkeologia gizartean.
Arkeologia Ikertzaile Gazteen VII. Jardunaldien Aktak

ÍNDICE / AURKIBIDEA

PRESENTACIÓN / AURKEZPENA.....I-III

SESIONES TRADICIONALES / SAIO TRADIZIONALAK

SESIÓN 1 / 1. SAIOA

Património cultural subaquático e sociedade: a Europa e os mares JOSÉ TIAGO SILVA, GONÇALO LOPES y CRISTÓVÃO FONSECA.....	1-2
Âncoras ao largo: novos dados arqueológicos na Baía de Lagos (Portugal) JOANA BAÇO.....	3-11
La arqueología subacuática en España: una contextualización del discurso MARÍA ISABEL ESCRIBANO CASTRO.....	12-16
A dinâmica portuária da Ribeira ocidental de Lisboa ALEXANDRA GOMES.....	17-26
Ria de Aveiro F (Ílavo): um naufrágio de época moderna na laguna de Aveiro GONÇALO CORREIA LOPES.....	27-39
A arqueologia subaquática de cariz industrial: o caso dos destroços do “Carcavelos 5” SANDRA MARQUES.....	40-47
Colonization or adaptation? The Neolithic transition seen from the water JADRANKA VERDONKSCHOT.....	48-55

SESIÓN 2 / 2. SAIOA

El aprendizaje como medio de reproducción social en la Prehistoria: Tradición frente a innovación ANA MERCEDES HERRERO CORRAL y SARA DE FRANCISCO RODRÍGUEZ.....	56-58
Tecnologías en transición: del Achelense al Musteriense. Un estado de la cuestión SARA DE FRANCISCO RODRÍGUEZ.....	59-69
La transmisión de las técnicas agrícolas y ganaderas: ¿Adopción pacífica por parte de las poblaciones mesolíticas de los conocimientos neolíticos? HUGO HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ.....	70-80
La herencia de la cultura: el aprendizaje de la alfarería por parte de los individuos infantiles durante el II y el III milenio cal AC en la Península Ibérica ANA MERCEDES HERRERO-CORRAL.....	81-89
El culto a los ancestros: elementos simbólicos postpaleolíticos en cavidades funerarias de la Prehistoria Reciente en la cuenca del Tajo ESTÍBALIZ POLO.....	90-102
Aproximación a los estudios tecnológicos aplicados a las plaquetas grabadas de la Cova de Parpalló, Gandía-Valencia AYELÉN SALAMIÉ VILLA.....	103-112
Adaptation to the environment and cultural change reflected in Prehistoric Architecture. The case of the alpine pile dwellings JADRANKA VERDONKSCHOT.....	113-119

SESIÓN 3 / 3. SAIOA

Towards archaeology of colonisation: living in-between continents in the Early Modern Period JOANA BENTO TORRES, MIGUEL BUSTO ZAPICO, REGIS SOUZA BARBOSA y SERGIO ESCRIBANO RUIZ	120-121
Aldeias e aldeamentos indígenas no Rio de Janeiro do séculos XVI e XVII REGISBARBOSA.....	122-130

Contact and commerce between Portugal and United Kingdom during Medieval and Postmedieval period -Numismatic perspective	
TIAGO GIL CURADO.....	131-140
Arqueología postcolonial en España: materialidades y memorias de la colonización agraria e industrial en la España del siglo XX	
JOSÉ M. SEÑORÁN MARTÍN.....	141-150
Uma panela na Rua da Saudade, Lisboa - Legado de populações escravas em Portugal?	
SARA TEIXEIRA SIMÕES.....	151-160

SESIÓN 5 / 5. SAIOA

Las apropiaciones sociales del patrimonio	
ANTONIO VIZCAÍNO ESTEVAN y BRUNO ESPERANTE PARAMOS.....	161-162
O divulgas...¡O colleja! Arqueología, mercadotecnia y la publicidad de la Arqueología	
JAIME ALMANSA SÁNCHEZ.....	163-169
Arqueología y sociedad asturiana. ¿Son accesibles nuestros modelos de divulgación?	
LAURA BÉCARES RODRÍGUEZ.....	170-179
Patrimonio, memoria e identidade labrega a través da apropiación popular da tecnoloxía agraria en Galizia	
BRUNO ESPERANTE PÁRAMOS.....	180-187
El patrimonio “olvidado” de la Rioja Alta: prospecciones en Sansoto, Las Regaderas y La Mesa de Irión (Santo Domingo de la Calzada)	
ISABEL GARCÍA SARMIENTO y PATRICIA A. ARGÜELLES ÁLVAREZ.....	188-197
Apuntes olvidados y la arqueología del humor: curiosidades de la ciencia de la información en la prensa local de Salamanca	
JUAN I. GARCÍA HERNÁNDEZ.....	198-208
De damas a vírgenes. La sacralización de algunos iconos ibéricos en el presente	
ANTONIO VIZCAÍNO ESTEVAN.....	209-217

SESIÓN 6 / 6. SAIOA

De la Spania de Idacio a la España de Botín: arqueología de los paisajes medievales y postmedievales	
ANDRÉS MENÉNDEZ BLANCO y CARLOS TEJERIZO GARCÍA.....	218-219
El paisaje urbano de Tarraco: reflexiones sobre su transformación desde una perspectiva social	
ADA LASHERAS GONZÁLEZ, FRANCESC RODRÍGUEZ MARTORELL y CRISTIAN TERUEL LÓPEZ.....	220-229
De la Spania de Idacio a la España de Botín. La larga duración en la construcción de los paisajes	
ANDRÉS MENÉNDEZ BLANCO y CARLOS TEJERIZO GARCÍA.....	230-238
La transformación del paisaje. El caso de Marroquies Bajos (Jaén) en época medieval	
MERCEDES NAVARRO PÉREZ.....	239-249
Necrópoles da antiguidade tardia no actual concelho de Cascais	
FILIPA ARAÚJO DO SANTOS.....	250-260
Nuevos y viejos métodos para el estudio de los paisajes medievales de la cuenca del Duero. Una aproximación crítica desde los S.I.G. en el Altomedievo del valle del Cea (León)	
PATRICIA APARICIO MARTÍNEZ.....	261-272

SESIÓN 7 / 7. SAIOA

El entorno y el aprovechamiento de los recursos bióticos en las sociedades cazadoras-recolectoras	
MIREN AYERDI, AMAYA ECHAZARRETA-GALLEGO y BEGOÑA HERNÁNDEZ-BELOQUI.....	273-274
Pasado, presente y futuro de la Arqueobotánica en Euskal Herria. Un viaje a través de las sociedades cazadoras-recolectoras	
MIREN AYERDI, AMAYA ECHAZARRETA-GALLEGO y BEGOÑA HERNÁNDEZ-BELOQUI.....	275-289
El aprovechamiento intensivo de recursos acuáticos y su repercusión en las sociedades colectoras. El ejemplo del Acualítico africano (Sahara y Grandes Lagos, C. 9000-6000 BP)	
CARMEN CORTÉS ECHEVARRÍA.....	290-298
El análisis de los recursos malacológicos desde una perspectiva arqueométrica: indicadores paleo-climáticos y socio-económicos	
ASIER GARCÍA-ESCÁRZAGA y PATRICIA BELLO-ALONSO.....	299-309
La aplicación de los isótopos estables en la reconstrucción de paleodietas	
IZASKUN SARASKETA-GARTZIA.....	310-317

MESAS REDONDAS / MAHAI-INGURUAK

Mesa redonda 1. Asociaciones y nuevos movimientos sociales para el patrimonio histórico AJIPA.....	318-338
Mesa redonda 2. Arqueólogo busca público: políticas de integración y el futuro de la arqueología JAIME ALMANSA SÁNCHEZ y ALEJANDRA GALMÉS.....	339-369
Mesa redonda 3. Arqueología de la contemporaneidad y contemporaneidad de la arqueología GONZALO COMPAÑY, ÁLVARO FALQUINA APARICIO, DAVID FERNÁNDEZ ABELLA, LORENA MERLOS GIL, RAFAEL MILLÁN PASCUAL y VANESA TREVÍN PITA.....	370-385
Mesa redonda 4. El estudio de la industria lítica en el siglo XXI. Preguntas pasadas, inercias heredadas, visiones renovadas AITOR SÁNCHEZ, AITOR CALVO, ALEJANDRO PRIETO, EDER DOMÍNGUEZ-BALLESTEROS, UNAI PERALES, SOL SÁNCHEZ-DEHESA GALÁN, ANA ABRUNHOSA, ANA ÁLVAREZ FERNÁNDEZ y JULIANA DE RESENDE MACHADO.....	386-414
Mesa redonda 5. La arqueología en tiempos de crisis y el mecenazgo cultural IMANOL VÁZQUEZ ZABALA, ESTÍBALIZ ÁLVAREZ TREJO y GUILLERMO GONZÁLEZ LÁZARO.....	415-430

PÓSTERS / POSTERRAK

Préstamos iconográficos e iconológicos de la sociedad egipcia a las culturas romana y paleocristiana ALFONSO BERMÚDEZ MOMBIELA.....	431-435
De Talavera al mundo. La influencia de la cerámica de Talavera de la Reina en el continente americano MIGUEL BUSTO ZAPICO.....	436-440
La cueva del Tesoro DANIEL DE LA TORRE MARTÍN.....	441-445
<i>La difusión social y comunicación global del patrimonio arqueológico en el siglo XXI. El papel de las TIC en Aragón, ejemplos prácticos.</i> CLAUDIA GARCÍA VILLALBA.....	446-451
Contribuição da análise tecnológica para a compreensão de indústrias líticas lascadas aratu JULIANA DE RESENDE MACHADO.....	452-457
A cerâmica decorada com sulco abaixo do bordo do sítio neolítico do Monte da Foz 1 (Benavente, Portugal) CÉSAR NEVES.....	458-465
El castillo de Eirís: arqueología contemporánea de un edificio histórico DAVID FERNÁNDEZ ABELLA y VANESA TREVÍN PITA.....	466-471
Vidros a bordo da <i>Santo Antonio de Tanná</i> : cargas e quotidianos numa fragata de finais do seculo XVII TIAGO SILVA.....	472-476
Isótopos sociales, isótopos en sociedad MARINA MARTÍNEZ WEINBAUM, MARÍA MOLINA MORENO y MIGUEL TARONGI CHAVARRI.....	477-480



Sesiones tradicionales

Saio Tradizionalak

PATRIMONIO, MEMORIA E IDENTIDADE LABREGA A TRAVÉS DA APROPIACIÓN POPULAR DA TECNOLOXÍA AGRARIA EN GALIZA

*Heritage, memory and peasant identity through the popular appropriation
of the agrarian technology in Galiza.*

*Patrimonio, memoria e identidade campesina a través de apropiación popular
de la tecnología agraria en Galicia.*

*Ondarea, oroimena eta nekazal identitatea Galiziako nekazal-teknologiaren
jabetze popularraren bidez*

Bruno Esperante Páramos (*)

Resumo:

Na actualidade moita xente recupera e restaura unha maquinaria agrícola concreta. Trátase fundamentalmente de vesadoiros, sachadoras e sementadoras que se usaron nos traballos agrícolas da última fase da agricultura orgánica en Galiza, é dicir, entre 1890 e 1940. Estamos pois ante unha apropiación popular do patrimonio que se crea ó marxe das institucións que ostentan o discurso dominante da memoria e do patrimonio galego labrego. A acelerada perda de peso das actividades agrarias na sociedade galega, xunto co desarraigo co rural pode estar relacionado con esta reivindicación do patrimonio rural, xunto tamén coa conservación dunha memoria e dunha identidade labrega propia.

Palabras chave:

Tecnoloxía agraria, apropiación popular, patrimonio, identidade, memoria colectiva.

Resumen:

En la actualidad mucha gente recupera y restaura una maquinaria agrícola concreta. Se trata fundamentalmente de arados de hierro, escardadoras y sembradoras que se usaron en los trabajos agrícolas de la última fase de la agricultura orgánica en Galicia, es decir, entre 1890 y 1940. Estamos ante una apropiación popular del patrimonio que se crea al margen de las instituciones que ostentan el discurso dominante de memoria y del patrimonio gallego campesino. La acelerada pérdida de peso de las actividades agrarias en la sociedad gallega, junto con el desarraigo con el rural puede estar relacionada con esta reivindicación del patrimonio rural, junto también con la conservación de una memoria y una identidad campesina propia.

* Universidade de Santiago de Compostela. Nantón, (A Baña) S/N, 15863. A Coruña (Galiza), España. brunoniev@hotmail.es

Palabras clave:

Tecnología agraria, apropiación popular, patrimonio, identidad, memoria colectiva.

Abstract:

Nowadays many people recover and restore specific agricultural machinery. These are mainly iron plows, hoes and seeders that were used in the agricultural work along the final period of organic agriculture in Galiza, between 1890 and 1940. We are facing a popular appropriation of heritage, carried out apart from the control of institutions that develop the dominant point of view of the popular memory and of the Galician peasant heritage. The rapid loss of importance of the agricultural activities within the Galician society, along with the estrangement from the rural atmosphere, may be related to this vindication of the rural heritage, in addition to the preservation of a memory and an own peasant identity.

Keywords:

Agrarian technology, popular appropriation, heritage, identity, collective memory.

Laburpena:

Gaur egun jende asko nekazaritzarako makina zehatz bat errekupearatzen eta zaharberitzen du. Batez ere, burdinezko goldeak, jorratzaileak eta ereileak, nekazaritza organikoaren azken fasean, hots, 1890 eta 1940 artean Galizian erabilitakoak. Ondarearen jabetze popularraren aurrean gaude, instituzioetatik alde batera sortutakoak, Galiziako nekazal ondarearen eta oroimena arrandiatzen dutenek. Nekazaritzaren galtze azkarra Galiziako gizarteetan, orokorrean landako eraztearekin batera, erlazionaturik egon daiteke landa ondarearen aldarrikapenarekin, oroimenaren kontserbazioarekin eta berezko nekazal identitatearekin batera.

Hitz-gakoak:

Nekazal teknologia, jabetze popularra, ondarea, identitatea, taldeko oroimena.

1. Introducción

Trátase dun feito cotiá, palpable, que se mesura na paisaxe de case calquera aldea da Galiza rural, e non tan rural. Sexa na Mariña lucense, na Costa da morte ou na Raia seca con Portugal, pódese observar como se está a recuperar, restaurar e *musealizar* unha tecnoloxía agraria singular que se exhibe diante das casas, nos seus xardíns, nos portais, ó lado dos hórreos, nas beirarrúas; así como tamén noutros espazos públicos como prazas, paradores das estradas e tamén, en negocios privados, sexan restaurantes ou mesóns de comidas. A orixinalidade deste fenómeno radica na tipoloxía da maquinaria que se exhibe, pois estamos a falar de apeiros agrícolas re-



Figura 1. Vesadoiro de modelo Brabant. Producido por Ajuria S.A. Herminio Vieito, Cantalarrana (A Baña), 7/6/2014. Fonte: elaboración propia.

lativamente modernos -si se me permite utilizar a expresión- en comparación co repertorio de utensilios de labranza que viñan formando parte dos museos como o arado de madeira ou o carro. A maquinaria máis popular para a exposición redúcese a cinco tipos: vesadoiros, sachadoras, sementadoras, escarpadoras e grades¹.

¿Por que se recupera esta tecnoloxía agraria?, ¿dende cando se dá este fenómeno?, ¿Que significado toma esta particular forma de patrimonio agrario e popular? Estas son só algunhas das cuestións que abordaremos neste artigo.

2. Restauración da maquinaria, tipos e formas de musealización

En primeiro lugar, é interesante sinalar a novidade da tipoloxía da maquinaria exposta. Dentro do repertorio do patrimonio agrario xa existían fórmulas de patrimonialización de arados de madeira, de utensilios varios, de hórreos, pero nunca, ata o do momento se dera a recuperación de maquinaria agraria contemporánea.

A orixe desta tecnoloxía e a súa difusión no campo galego xa ten sido obxecto de estudo por Lourenzo Fernández Prieto (FERNÁNDEZ, 1992). En base a isto sabemos que esta maquinaria encádrase dentro do proceso de innovación tecnolóxica da segunda onda da industrialización. A súa orixe data do redor de 1890 e a súa máxima expansión comercial chega ata 1940 para Galiza, aínda que a súa substitución por outra maquinaria e final abandono non se inicia ata a motorización do campo, entre as décadas dos sesenta e setenta.

1 Trátase de maquinaria agrícola da segunda onda da industrialización en Galiza. (1890-1940). Forma parte das innovacións da agricultura galega no eido da mecanización da agricultura orgánica.

Nembargante, a adopción patrimonial desta tecnoloxía só se circunscribe a uns poucos modelos, os máis populares, que de seguido vamos a ver. A maquinaria máis popular e que se pode ver máis a cotío é a do vesadoiro. É complexo establecer tipoloxías definidas entre o que se pode observar. Nin sequera acudindo ós catálogos de compra da época puidemos definir completamente os modelos e as súas características actuais. O que si sabemos, -madía leva!-, é que independentemente da marca, o modelo Brabanté o tipo de vesadoiromusealizado máis popular.

Como se ve, trátase de maquinaria de fabricación industrial. O seu equipamento completo consta de dous vesos, coitelas, e antetrén de dúas rodas. A fabricación destes modelos é maioritariamente de produción española. A marca que figura na meirande parte dos modelos fai referencia ás empresas de fundición vascas, *Ajuria Aranzabal S.A.*, ou tamén, ás empresas que se sucederon logo da división da empresa en *Ajuria S.A* e *Aranzabal S.A.*

Seguido do vesadoiro, tamén é común observar xunto a el a restauración de sementadoras e sachadoras. A súa presenza é menor que a do vesadoiro, pero igual en número entre os dous tipos de apeiros. De forma idéntica que no caso do vesadoiro, a súa clasificación vese dificultada pola interminable lista de modificacións que presentan os modelos. Neste caso ademais, o número de maquinaria feita de forma artesá, levado a cabo polo traballo de ferreiros locais multiplícase. As fontes consultadas, fundamentalmente catálogos de venda das empresas de maquinaria da época, de pouco nos valeron.

Na foto pódese observar un modelo de sementadora da empresa Ajuria y Aranzabal S.A. Dependendo da marca, ou da orixe da súa produción pode haber algunhas diferenzas entre modelos. O que non muda, en todo caso, é a caixa centra, que pode ser de madeira ou metálica e que servía de depósito da semente que se ía a cultivar.



Figura 2. Vesadoiro de modelo Brabant. Producido por Ajuria S.A. Anónimo, Maroñas (Mazaricos) 27/3/2013. Fonte: Elaboración propia.



Figura 3. Sementadora de marca Ajuria S.A. Anónimo, Nantón (A Baña). 18/5/2013. Fonte: Elaboración propia.



Figura 4. Sachadora fabricación artesanal. Eduardo Fernández, Bertamiráns (Ames), 22/6/2014. Fonte: Elaboración propia.

Nesta foto observase un modelo de sachadora feita de forma artesanal. Este tipo de maquinaria é sen dúbida, conclusións en man, o modelo que presenta unha diversidade tipolóxica maior. Igualmente ca sementadora, persisten unhas características comúns. Na parte inferior da sachadora pódense observar os diferentes sachos que se usaban para abrir os regos.

Xa por último, tamén nos atopamos con outros modelos de maquinaria menos común. Este é o caso das escarpadoras.

Este tipo de maquinaria nunca foi moi popular na época, sexa polo seu prezo, ou pola labor non fundamental que realizaba, a súa difusión e presenza nas labores agrícolas era moito menor ca dun vesadoiro, de aí, quizais, a razón da súa escasa presenza actualmente.

Visto os tipos de maquinaria máis popular que se poden atopar actualmente en Galiza, pasamos agora a describir brevemente, as formulas de adopción que se fai deste patrimonio. ¿Cómo se exhiben?

A análise da súa exposición pode revelarnos información interesante para interpretar o significado da súa adopción patrimonial. Por isto, un análise estrutural, de relación con outros símbolos patrimoniais pode resultar de interese para a nosa investigación. Deste xeito, a fórmula máis popular de musealización é a restauración e decoración da maquinaria patrimonializada. Así mesmo, o propio significado desta forma de patrimonio popular pode adquirir novas connotacións si deparamos no tipo de casa que exhibe. O traballo de campo que se realizou puido constatar a relación entre as casas restauradas, ou, en todo caso, de recente construción e a presenza desta fórmula patrimonial. Ademais disto, é moi común a súa relación con outros símbolos patrimoniais que xa fai tempo que pertencen ó discurso dominante do patrimonio agrario en Galiza.



Figura 5. Escarpadora de marca Ajuria y Aranzabal S.A. Maria Nieto, Seilán (A Baña), 13/4/2013. Fonte: Elaboración propia.



Figura 6. Sachadora sen marca, na parte inferior dereita da foto. Anónimo, Bertamiráns (Ames), 17/5/2013. Fonte: Elaboración propia

Na foto vese a relación directa entre a sachadora, o hórreo e o pote. Son tres símbolos patrimoniais que xuntos, crean un determinado sentido de exaltación da identidade labrega familiar.

3. O patrimonio popular e o seu papel na construción das memorias colectivas

A nosa identidade defínea a nosa relación nun conxunto. MauriceHalbwachs definíao moi ben co

exemplo do grupo de alumnos e o profesor. Este último tendía a non lembrar nada pola desvinculación co grupo, namentres que os alumnos si que lembraban as cousas da clase por vinculación a un conxunto, a unha memoria e identidade colectiva (HALBWACHS, 2004: 28-30). Xunto a isto, sentímola necesidade de apoiar as nosas identidades en obxectos de memoria. Máis dun problema psicolóxico ben acompañado dunha especie de perda de contacto entre o noso pensamento e as cousas, da incapacidade de recoñecer obxectos familiares, de tal modo que nos atopamos perdidos nun medio estraño e cambiante, onde nos faltan puntos de apoio (HALBWACHS, 2004: 131). Por isto, cada obxecto, cada detalle ou aspecto dun lugar ten un determinado e único sentido que só poden comprender os membros dun determinado grupo social (HALBWACHS, 2004: 133).

Esta introdución dun clásico como MauriceHalbwachs ven a colación pola seguinte idea. Como vimos nas entrevistas que realizamos grazas ó traballo de campo, os vesadoiros ou as sachadoras son algo máis que simples obxectos decorativos. Gardan unha memoria colectiva e un significado que necesita ser explicado. Neste sentido, poderíamos facer referencia a un capítulo da revista *Ayer*, escrito por Josefina Cuesta Bustillo (1998). Segundo ela dicía, a memoria colectiva necesita duns espazos que funcionen como apoios da mesma. Por isto, é nestes espazos onde a través de determinados símbolos, ou obxectos patrimoniais con fortes cargas de identidade se transmite un determinado discurso de memoria.

Dende logo que Josefina Cuesta Bustillo non fala nunca dunha memoria agraria, non tan de moda como pode ser a memoria da violencia, da guerra, ou a memoria dun grupo étnico perseguido. Nembargante, poderíamos pensar que hoxe en día unha parte da sociedade galega eríxese para constituír lugares de memoria agraria. A nostalgia e as conmemoracións usan os mito do pasado como un refuxio do presente, a través das figuras míticas para explicar o pasado (CUESTA, 1998: 208). ¿Por

que non poderíamos nós interpretar un vesadoiro convertido en patrimonio como unha figura mítica que conmemora un determinado pasado nostálxico? Josefina Cuesta Bustillo fala sempre dos memoriais da II Guerra Mundial, ou dos xudeus perseguidos (CUESTA, 1998: 209), mais, ¿Por que non falar das comunidades labregas? Toda a maquinaria que vimos converteríanse así en símbolos de memoria. Ademais, poderíase encadrar, pero máis ben como un fenómeno tardío a nosa recuperación da memoria agraria popular coa ola memorialística das décadas dos setenta ou oitenta, xunto coa febre da musealización e a necesidade de salvagardar un conxunto de bens.

Para non subestimar a importancia do que se está a recuperar na actualidade, habería que sinalar que a maquinaria que se apropia como un patrimonio popular, foi peza clave e fundamental para alcanzar as cotas de maior produtividade da agricultura orgánica galega. Como xa ten estudado David Soto Fernández, a introdución desta maquinaria no campo galego prodúcese paralelamente cos maiores picos de rendementos e produtividade (SOTO, 2002). Ademais disto, o aforro en horas de traballo e esforzo foi significativo. O sementadora unificou nun só paso o que antes se facía en tres, abrir o rego, botar a semente e cerrar o rego. A capacidade de aforro das familias labregas tivo que alcanzar cifras que se deberían ter en consideración. A isto contribuír a emigración xunto con tamén á pluriactividade dos labregos galegos que foron ás minas de volframio, ou traballaban en diversos oficios na cidade.

4. Conclusións

Esta investigación ten un longo percorrido. A pregunta central que nunca mudou foi a de comprender o significado da apropiación patrimonial e popular desta tecnoloxía agraria. Saber o por que, tanto da tipoloxía como do momento no que se iniciou esta “moda”, xunto tamén a intención de esclarecer o sentido que todo aquilo podía sig-

nificar. Son moitas cuestións nas que aínda queda moito traballo. Témolos intención, a obriga e a curiosidade de coñecer a orixe da maquinaria que vimos, a súa difusión, promoción, formas de adquisición e usos. Tamén nos interesa o despois, abrir o camiño do coñecemento para descubrir as circunstancias do ocaso ou, quen sabe, longa vida desta maquinaria durante as décadas posteriores dos cincuenta, sesenta, setenta e incluso como vimos, oitenta e ata noventa.

Abarcar todas estas cuestións é unha necesidade para afrontar unha explicación convincente sobre o sentido desta nova forma de apropiación patrimonial ¿Como explicar por que se musealiza algo si non se comprenden os usos e a intrahistoria do obxecto musealizado? Por esta razón cremos que é un imperativo abordar e apostar por unha investigación que trate dende a orixe, ata a vida, a morte e o renacer dun vesadoiro, dunha sachadora, sementadora, grade ou escarpadora pintado nun portal. Somos conscientes, en calquera caso, de que necesitamos saber máis sobre a maquinaria, sobre as preferencias e as tipoloxías segundo as zonas de Galiza. Temos que irnos incluso a investigacións comparativas.

Pese a todo, tamén deixamos ó marxe o estudo doutra maquinaria que se populariza nestes intreos. Estas son as trilladoras, as malladoras, as aventadoras... Son parte tamén dun proceso singular de apropiación patrimonial. Nembargante, os perigos dun traballo desmedido fréannos neste caso. O estudo desta maquinaria é un sacrificio prudente por diversas razóns. En primeiro lugar, non coñecemos que exista un fenómeno de apropiación popular semellante o da nosa maquinaria. En segundo lugar, a súa recuperación popular realízase doutro xeito, mais que coa apropiación popular individual, faise coa organización de festas e romarías. En terceiro lugar e relacionado con este último, trátase dun tipo de maquinaria moito menos apegada á xente. Si que ten tamén un alto valor sentimental e de memoria, pero non experimentou, por motivos de prezo fundamentalmen-

te, pero tamén de uso, a expansión que si tiveron os outros apeiros. Por cuarta razón e por iso non menos importante, basta con visitar á colección que se pode atopar de motores en: (<http://www.bosende.com/>), para saber da súa complexidade e da prudencia coa que se debería abordar un estudo que debería ser diferenciado.

A cuestión dos discursos de memoria colectiva, de patrimonio, de identidades foi quizás a conclusión máis importante de todas ás que chegamos. Pode ser unha aposta arriscada coñecer máis e mellor as identidades sociais a través das súas manifestacións culturais, neste caso, do patrimonio popular, xunto cun traballo de fontes orais moi produtivo. As memorias colectivas, os lugares de memoria e as identidades gardan unha relación de mutua dependencia. A interpretación destas realidades a través da súa simboloxía, do seu patrimonio, das súas crenzas ou dos seus valores sociais, resúltanos altamente interesante para embarcarnos en investigacións futuras.

Vamos insistir no carácter popular e rural da apropiación. Non son os profesionais do patrimonio os que levaron a cabo as primeiras postas en valor desta maquinaria. É a propia xente de descendencia labrega a que crea os seus propios museos abertos. Concretamente as persoas de mediana idade, aqueles que traballaron de mozos coa maquinaria pero que emigraron, para logo volver, e restaurar a maquinaria coa que traballaron de pequenos. En algún caso, a cultura popular, esa que non se aprende nas escolas nin na letra escrita, tamén posibilitou que sexa a xente máis nova a que recupere unha sachadora da que súa nai lle contou tantas historias, ou súa avoa. Musealízase hoxe en día, e polo menos dende finais dos anos noventa porque ten sentido darlle un valor de memoria. O rural galego cambiou, xa ninguén traballa as vacas, e incluso os tractores se venden e as aldeas se despoboan. A desagravación posibilita que un vesadoiro pintado nun xardín teña sentido como algo de valor patrimonial. Existe pois un relato de memoria ó redor del.

Unha nova forma de patrimonio popular dotado dunha mensaxe de memoria colectiva das comunidades labregas en Galiza, pero non só, porque trátase ademais dun fenómeno que abarca outras áreas onde sobrevive unha memoria agraria non suficientemente nacional, pero si necesariamente agraria.




Figura 7. Cartel electoral de Alianza Popular. Fonte: Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General da Universidade Autònoma de Barcelona.

Lembremos xa por último aquela estampa idílica do rural galego, aquela que todos vimos nas postais antigas onde aparece un hórreo, o pote, o carro, o arado de madeira, a muiñeira co seu traxe rexional.

Trátase dun discurso patrimonial dominante e socializado a todas as capas da poboación. Un discurso dado á sociedade e que esta re-interpreta

hoxe en día introducindo unha sementadora nesta postal, un obxecto grotesco, de orixe industrial no medio de tantas cousas artesanais, feitas por canteiros ou carpinteiros. Isto é logo a mostra máis indeleble de que a sociedade pode construír de base o seu propio discurso patrimonial. Incluso nun terreo coma este posibilitase unha lectura en clave loita de clases. Incluso no terreo cultural os dominantes dispútanlle parcelas ós dominados. Isto é unha realidade, ¿como senón Alianza Popular fai uso dun discurso etnográfico tal? Trátase de confundir as fisuras sociais en tódolos planos, incluído o plano cultural, o plano patrimonial e ate a propia memoria colectiva. Desta forma, o que aínda hoxe en día é un patrimonio popular, poderá acabar coma o hórreo, integrado nun discurso patrimonial dominante no que se confunda a súa orixe como obxecto de memoria dun determinado grupo social. Nese caso, calquera persoas poderá situar no seu xardín un veso como si algunha ves seu pai lle tivera falado de como se traballaba con el.

Bibliografía

- CUESTA BUSTILLO, J. (1998): "Memoria e historia. Un estado de la cuestión". *Ayer*, 32: 202-246.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1992): *Labregos con ciencia*. Xerais. Vigo.
- HALBWACHS, M. (2004): *La memoria colectiva*. Prensas universitarias de Zaragoza. Zaragoza.
- SOTO FERNÁNDEZ, D. (2002): *Transformacións produtivas na agricultura galega contemporánea. Da agricultura orgánica á revolución verde (1752-1986). Unha aproximación a partir de marcromagnitudes*. Tese de autor. Universidade de Santiago de Compostela.

Fontes dixitais

- Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General da Universidade Autònoma de Barcelona. Enlace web [<http://www.uab.cat/servlet/Satellite?c=Page&cid=1261553802993&pagename=BibUAB%2FPPage%2FTemplatePlanaBibUAB>]. Fecha da consulta: 25/6/2014].
- De Bosende. Restauración y colección de motores estacionarios antiguos y de maquinaria agrícola clásica. Enlace web [<http://www.bosende.com/index.html>]. Fecha de consulta 25/6/2014].


Catálogos históricos de maquinaria

- Catálogo de maquinaria da empresa Ajuria y Aranzabal S.A. N:23.
- Catálogo de maquinaria da empresa Massey-Harris, promovido por Ajuria y Aranzabal S.A. N:7.
- Catálogo de maquinaria da empresa Ajuria S.A. N:25.

IBSN: 978-84-944368-0-2



EDITA:



PATROCINA:



Universidad del País Vasco
Euskal Herriko Unibertsitatea
Departamento de Geografía, Prehistoria y Arqueología

Vital gizarte ekintza obra sozial



ARABAKO CAMPUSEKO ERREKTOREORDETZA
VICERRECTORADO DEL CAMPUS DE ÁLAVA



Arabako Foru Aldundia
Diputación Foral de Álava


LETREN FAKULTATEA



FACULTAD DE LETRAS



INSTITUTO ALAYÉS DE ARQUEOLOGÍA
ARKEOLOGIARAKO ARABAR INSTITUTUA



ARANZADI
zintzia elkartea . sociedad de ciencias
society of sciences . société de sciences

